

Marta Durán (Vigo, 1975)

Formación: Diplomada en Traballo Social e Máster en RRHH e xestión de persoas.

- Que representan as novas tecnoloxías na atención xerontolóxica e xeriátrica?

As novas tecnoloxías deben integrarse definitivamente nos procesos asistenciais co obxectivo, entre outros, de mellorar os procesos e a calidade asistencial. A tecnoloxía ao servizo das persoas e da súa saúde é un dos retos máis importantes ao que nos enfrontamos nos próximos anos.

- Como dixitalizarse nesta profesión?

Existen na actualidade bastantes iniciativas, tanto desde o ámbito profesional da saúde (público e privado) coma do sector empresarial (emprendedores en moitos casos). En moitos casos non supón crear novas aplicacións nin tecnoloxía, senón en trasladar as existentes ao ámbito sanitario. Con isto xa avanzaríamos considerablemente, aplicando a tecnoloxía existente a un sector no que aínda hai moito por facer por non ser un sector tradicional de dixitalización, como é o ámbito sanitario.

- Que oportunidades de futuro representa a dixitalización neste ámbito?

Tradicionalmente as profesións dixitais enfocan os seus proxectos cara a outros ámbitos, como o empresarial. Porén, no sector sanitario hai un horizonte de desenvolvemento con múltiples posibilidades e oportunidades para estes profesionais, xa que na actualidade, tanto no ámbito público coma no privado, estamos lonxe de maximizar o uso das tecnoloxías ao servizo da saúde. Así mesmo, xa se observan tendencias desde distintos ámbitos neste sentido.

-Que recomendacións lle darías a quen queira orientar o seu futuro laboral cara a esta especialización dixital?

Sen dúbida que analice as tendencias actuais que xa están en marcha e explore os distintos ámbitos de aplicación (sector público e privado, terceira idade, discapacidade, telemedicina...). Con eles terá xa unha visión de cales son as carencias actuais e por onde enfocar o desenvolvemento laboral. Animo os profesionais tecnolóxicos a que se especialicen no ámbito sanitario e sociosanitario, xa que, ademais de oportunidades de futuro, os seus proxectos serán moi satisfactorios ao impactar directamente na calidade de vida das persoas.